

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

A Estrada, asinado dixitalmente

COMPARECEN:

DUNHA PARTE, D. Santiago Villanueva Álvarez, director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), actuando no seu nome e representación en virtude das competencias que ten atribuídas polo artigo 12 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública.

DOUTRA, D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense, elixido e nomeado polo Pleno da Corporación Provincial na súa sesión do día 28 de xuño do 2019, actuando en nome e representación da Deputación de Ourense, en virtude das facultades que lle confire o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN:

Primeiro: conforme á Lei 1/2007, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza. Entre outros fins, a AGASP ten



encomendada a función de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos de policía local e bombeiros, segundo o artigo 3 da devandita lei, que tamén prevé no seu artigo 5.2 a función de promover relacións de intercambio e colaboración, coas universidades e institucións de Galicia.

Segundo: conforme aos artigos 141 da Constitución Española e 31 da Lei de bases de réxime local, as provincias son entidades locais determinadas pola agrupación de concellos con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que teñen como competencias e funcións propias as de asegurar a prestación integral e adecuada, na totalidade do territorio provincial, dos servizos de competencia municipal, así como participar na coordinación da Administración Local coa da Comunidade Autónoma ou a do Estado, correspondendo o seu goberno e administración ás correspondentes deputacións provinciais.

Deste xeito, a formación e perfeccionamento profesional dos empregados públicos municipais e provinciais constitúe un importante labor, que ven desenvolvendo a Deputación Provincial de Ourense e que, polo tanto, abrangue tamén aos membros dos corpos da policía local e bombeiros dos distintos concellos desta provincia.

Terceiro: demostrada nas dúas exposicións anteriores a existencia de colectivos comúns, aos que se dirixen algunhas das accións formativas de ambas as dúas institucións asinantes, cómpre ter en conta o principio de eficacia que debe presidir a actuación administrativa e que impón aos responsables políticos a optimización de recursos, de tal xeito que permita acadar os obxectivos sinalados co menor custo posible, evitando ademais a concorrencia de iniciativas e accións semellantes.

Tendo en conta as anteriores consideracións, ambas as dúas partes, coincidindo en que a iniciativa obxecto do acordo é de común interese, conveñen en formalizar o seguinte convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes:



CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto do convenio.

O obxecto do presente convenio é acadar a colaboración entre a Academia Galega de Seguridade e a Deputación Provincial de Ourense para a formación dos membros dos corpos da policía local, bombeiros, servizos de emerxencias e protección civil dos concellos da provincia de Ourense.

Esta formación realizarase mediante cursos sobre temas que sexan de interese profesional para a seguridade públicas e as emerxencias que supoñan unha mellora ou actualización no desempeño das súas funcións ou, en todo caso, que permitan unha reciclaxe necesaria para acadar máis eficiencia no seu traballo. Poderán estar incluídos tanto no programa anual de formación da AGASP coma no plano provincial de formación da Deputación de Ourense, ou tamén ser pactadas en común.

SEGUNDA. Actuacións

A AGASP e a Deputación Provincial de Ourense, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

1. A realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
2. A edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
3. A promoción da actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
4. Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste convenio.



TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora da acción formativa.

A Deputación de Ourense deberá remitir á AGASP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

1. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a AGASP.
2. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola AGASP.
3. Programa e número de horas lectivas.
4. Lugar, data e horario de realización.
5. Sistema de avaliación do alumnado.
6. Criterios de selección
7. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.
8. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos.

Unha vez recibida a memoria, a AGASP a examinará e comprobará o cumprimento dos anteditos requisitos. No caso de que se cumpran, así llo comunicará á entidade promotora que a continuación deberá manifestarlle á AGASP o prazo de matrícula cunha antelación suficiente ao comezo da acción formativa de cara a que a AGASP poida publicar no *Diario Oficial de Galicia* e/ou na páxina web da AGASP a convocatoria da actividade formativa e os/as alumnos/as poidan matricularse, o que deberán facer na área de matrícula da AGASP.

Así mesmo, segundo o establecido na antedita resolución, as entidades promotoras de accións formativas deberán remitir Á AGASP momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria- resumo que faga referencia aos seguintes aspectos:



- a) A relación de docentes cos seus respectivos currículos para o caso de que non estiveran determinados no momento de presentarse a memoria anterior.
- b) Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.
- c) Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase á AGASP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.
- d) Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos/as participantes.
- e) Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola AGASP.

CUARTA. Seguimento, coordinación e control do desenvolvemento dos cursos.

En cada curso, xornada ou acción formativa en xeral, establecerase de común acordo a persoa ou persoas que se encargará/n en cada caso do seu seguimento e control.

Nos diplomas que se expidan ao remate de cada curso ou xornada figurarán ambas as dúas institucións e estarán asinados polo presidente da Deputación de Ourense e polo director xeral da AGASP.

Se algún dos docentes colaboradores/as solicitase un certificado de ter impartido as clases que lle correspondesen, este certificado poderá ser expedido por calquera das partes, facendo constar que o curso ou xornada foi organizado conxuntamente coa outra.

QUINTA. Orzamento

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.



SEXTA: Comisión de seguimento.

Constituirase ao efecto unha comisión de seguimento que adoptará os seus acordos por unanimidade e que estará integrada por un representante da AGASP e outro representante da Deputación Provincial de Ourense

Son funcións desta comisión de seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento do convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control

SÉTIMA Inexistencia de relación laboral.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a AGASP

OITAVA Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da AGASP e da Deputación Provincial de Ourense

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato osoporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.



NOVENA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver este convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar este convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun pre aviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.

DÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas, polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Sen prexuízo disto as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre o contido e aplicación deste convenio, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

UNDÉCIMA.- Consentimento das partes en materia de protección de datos.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mailo resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.



Así mesmo as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas deste consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal

DUODÉCIMA.- Vixencia.

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2025, podendo prorrogarse por mutuo acordo das partes antes da súa finalización, ou de cada unha das súas prórrogas, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e subscríbese como proba de conformidade.

Pola Academia Galega de Seguridade
Pública

Pola Deputación Provincial de Ourense

Santiago Villanueva Álvarez

D. José Manuel Baltar Blanco

